



Guía Docente				
Datos Identificativos			2021/22	
Asignatura (*)	Dirección Estratéxica da Empresa de Moda	Código	710G03030	
Titulación	Grao en Xestión Industrial da Moda			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	Inglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Empresa			
Coordinación	Mato Santiso, Vanessa	Correo electrónico	vanessa.mato@udc.es	
Profesorado	Mato Santiso, Vanessa Rey Ares, Lucía	Correo electrónico	vanessa.mato@udc.es lucia.rey.ares@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Para ser eficaz, a xestión estratéxica require coñecer os factores que determinan o desempeño dunha empresa e ser capaces de identificar os cambios (internos e externos) que poden afectar ao seu desempeño futuro. Nesta materia traballárase un marco dinámico de xestión estratéxica, explorando unha ampla gama de problemas estratéxicos relacionados co sector da moda, centrándose especialmente nas fontes de vantaxe competitiva e internacionalización.			



<b>Plan de continxencia</b>	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Non se realizan modificacións.</li> </ul> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Todas as indicadas na guía docente, que pasan a realizarse de xeito non presencial, a través das ferramentas dispoñibles na UDC.</li> </ul> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Non se realizan modificacións.</li> </ul> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Correo electrónico: canle que o alumnado poderá empregar para facer consultas, solicitar titorías virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutelados.</li> <li>- Campus virtual: esta canle emprégase para, semanalmente, poñer a disposición do alumnado o material (presentacións, casos prácticos, exercicios...) e requirir a entrega de actividades -segundo o calendario de entregas previsto-. Disporase dun foro de carácter máis xeral, que se empregará como canle de comunicación principal do profesorado co alumnado. Ademais, o alumnado disporá dun foro específico para formular dúbidas e preguntas relacionadas coa materia. O alumnado poderá facer uso deste mecanismo de atención personalizada diariamente, segundo as súas necesidades.</li> <li>- Microsoft Teams: cada semana realizaranse a través desta canle sesións expositivas e interactivas síncronas para o avance dos contidos teóricos e as actividades previstas; sesións que se realizarán na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario de clases da facultade. Tamén se realizará a través desta vía o seguimento e apoio na realización dos traballos tutelados?, así como a realización de titorías a demanda do alumnado.</li> </ul> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Mantense o sistema de avaliación indicado na guía docente, xa que as metodoloxías obxecto de avaliación pasarían a realizarse de xeito non presencial.</li> </ul> <p>*Observacións de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- As indicadas na guía docente.</li> </ul> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Non se realizarán cambios. O alumnado disporá dos materiais de traballo (en concreto, presentacións, casos prácticos e exercicios) en formato dixital no campus virtual. Así mesmo, as fontes de información da guía docente xa recollen algún recurso aos que o alumnado pode acceder de xeito gratuïto dende a rede.</li> </ul>
-----------------------------	---

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer os fundamentos básicos de xestión dunha empresa de téxtil/moda, tanto a nivel estratéxico como operativo e funcional.
A2	Coñecer os aspectos da contorna que inflúen na evolución do mundo da moda e as súas empresas, con especial incidencia no impacto das cuestións económicas e legais.
A3	Desenvolver destrezas para as relacións interpersoais e a interacción con axentes do contorno e interno (clientes, provedores, medios, colaboradores...).
A8	Ser capaz, con base no coñecemento do contorno social, de deseñar e pór en marcha estratexias de márketing eficaces, que consideren especialmente as variables de comunicación e distribución: mensaxes, medios, canles, relación co cliente etc...



A10	Ter os fundamentos económico-financeiros necesarios para coñecer o estado dunha empresa de moda e xestionala adecuadamente desde unha tripla perspectiva de liquidez, solvencia e rendibilidade.
A11	Ter unha perspectiva internacional do sector da moda e dominar ferramentas de planificación e xestión das estratexias de internacionalización posibles.
A14	Ter unha perspectiva clara do papel das persoas na organización, e coñecer as ferramentas de xestión de recursos humanos necesarias para conseguir delas a máxima implicación e rendemento.
A16	Incorporar criterios de sostibilidade nos procesos de toma de decisión da empresa (e por extensión aos mercados de moda).
A17	Saber implantar programas de responsabilidade social corporativa (nos mercados de moda).
B1	Que o estudantado demostrase posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e se adoita atopar a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
B2	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dun xeito profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
B3	Que o estudantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
B4	Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado.
B5	Que o estudantado desenvolvea aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B6	Capacidade para a cooperación, o traballo en equipo e a aprendizaxe colaborativa en contornos interdisciplinares.
B7	Capacidade para analizar tendencias (razoamento crítico).
B8	Capacidade de planificación, organización e xestión de recursos e operacións.
B9	Capacidade de análise, diagnóstico e toma de decisións.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía respectuosa coa cultura democrática, os dereitos humanos e a perspectiva de xénero.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C7	Desenvolver a capacidade de traballar en equipos interdisciplinares ou transdisciplinares, para ofrecer propostas que contribúan a un desenvolvemento sostible ambiental, económico, político e social.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
C9	Ter a capacidade de xestionar tempos e recursos: desenvolver plans, priorizar actividades, identificar as críticas, establecer prazos e cumprilos.

## Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	A1	B1	C1
Comprender os conceptos fundamentais da dirección estratéxica.	A2		C2
	A10		C3
	A14		
Coñecer e poñer en práctica as ferramentas de análise estratéxica.	A1	B1	C1
	A2	B2	C2
	A3	B3	C3
		B7	C8
		B9	



Identificar a estratexia que permite á empresa acadar unha vantaxe competitiva, logo de analizar e avaliar a contorna (xeral e específica) e os recursos e capacidades da empresa.	A2 A3 A8 A11 A16 A17	B1 B2 B3 B5 B7 B8 B9	C2 C3 C4 C9
Comprender a importancia da correcta implementación e control da estratexia empresarial.	A2 A3 A10 A14	B1 B2 B3 B7 B8 B9	C3 C9
Coñecer a importancia da cultura (intra)empresarial.	A2 A3	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9	C3 C5 C7 C8 C9
Ser capaz de traballar en equipo, desenvolver a capacidade de análise e síntese da información e o razoamento crítico, e mellorar as habilidades de comunicación sobre problemas estratéxicos existentes nunha empresa.	A3	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9	C1 C2 C3 C4 C7 C9

Contidos	
Temas	Subtemas
I. Introducción á dirección estratéxica	1. Dirección estratéxica: conceptos básicos, proceso e axentes
II. Análise da contorna estratéxica	2. Análise externa: contorna xeral e específica 3. Análise interna: recursos, capacidades e vantaxe competitiva 4. Misión, visión e obxectivos. Goberno corporativo 5. Dinámicas de estratexia empresarial
III. Desenvolvemento, implantación e control de estratexias	6. Avaliación de estratexias 7. Estratexia corporativa 8. Estratexia competitiva 9. Implantación e control do plan estratéxico
IV. Outras estratexias	10. Estratexia de emprendemento 11. Estratexia de internacionalización

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais



Discusión dirixida	B1 B2 B3 B4 B7 C1 C2 C4 C7 C9	6	4	10
Lecturas	A1 A2 A3 A10 A11 A14 A16 A17 B2 B5 B7 C5	0	15	15
Presentación oral	B3 B4 B6 B7 B8 C1 C2 C3 C7 C9	2	5	7
Proba mixta	A1 A2 A8 B1 B2 B3 B5 B7 B9 C1 C2 C5	1	15	16
Traballos tutelados	B3 B4 B6 B8 C2 C4 C7 C8 C9	1.5	20	21.5
Seminario	A2 A3 A10 A11 A14 A16 A17	2	1	3
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A8 A10 A11 A14 A16 A17 C4 C5 C8 C9	21	10	31
Foro virtual	B2 B3 B4 B7 B9 C1 C2 C4 C9	0	3	3
Estudo de casos	A1 A2 A3 B2 B3 B4 B6 B7 B8 B9 C2 C3 C4 C5 C7 C8 C9	10	30	40
Atención personalizada		3.5	0	3.5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Discusión dirixida	Mediante esta dinámica abordaránse diferentes temáticas enfocadas a que o alumnado reflexione sobre diferentes aspectos da materia e adopte unha posición crítica.
Lecturas	Lecturas sobre diferentes temáticas para abordar e/ou profundar nas cuestións abordadas na aula.
Presentación oral	Presentación oral, de forma individual ou en grupo, de traballos realizados na aula ou de estudos de casos que deberán entregarse por escrito.
Proba mixta	Exame final sobre os contidos teóricos da materia que poderá combinar diferente tipoloxía de preguntas (preguntas de resposta breve, preguntas de ensaio, exercicios prácticos e preguntas obxectivas ou tipo test).
Traballos tutelados	Realización dun traballo en grupo e presentación final do mesmo. O contido e características deste traballo daranse a coñecer ao alumnado nas primeiras sesións de clase.
Seminario	Realización de seminarios con profesionais expertos en temas da materia, sempre que sexa posible.
Sesión maxistral	Presentación dos contidos que conforman o marco teórico da materia mediante a exposición oral, guiada co uso de presentacións, de medios audiovisuais e da introdución de cuestións dirixidas ao alumnado coa fin de favorecer a aprendizaxe e a construción do coñecemento.
Foro virtual	Existirán dous foros virtuais, a saber: - Foro virtual de debate: canle que o alumnado poderá empregar para a proposta de debates e a participación nestes. - Foro virtual de aprendizaxe: canle que o alumnado poderá empregar como espazo para o intercambio e a reflexión de aprendizaxes e a proposta de novas actividades.
Estudo de casos	Resolución, individual ou en grupo, dos casos propostos. Estes casos iranse detallando ao longo do curso, conforme ao plan de traballo.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



<p>Estudo de casos</p> <p>Traballos tutelados</p> <p>Sesión maxistral</p>	<p>A atención personalizada descrita desenvolverase principalmente en torno ao traballo tutelado, e concíbese como momentos de traballo persoal co profesorado da materia para a atención e seguimento do traballo realizado por cada un dos grupos de traballo. Recoméndase a asistencia do alumnado a estas reunións, cuxa forma e momento concretos nos que terá lugar se indicarán ao longo do curso en función do plan de traballo da materia. Con todo, durante o curso o alumnado poderá empregar as horas de titorías para aclarar dúbidas e cuestións sobre a materia.</p> <p>O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial, segundo establece a "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de Grado na UDC" (Arts. 3.b e 4.5) realizará as súas actividades coa asistencia e participación nas dinámicas que se recollen nos apartados de "Planificación" e na "Atención personalizada", a través dos grupos de traballo que se conformen na materia. A actividade realizarase atendendo ás observacións de avaliación sobre a flexibilidade de asistencia-participación e os requisitos para superar a materia.</p>
---	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	A1 A2 A3 B2 B3 B4 B6 B7 B8 B9 C2 C3 C4 C5 C7 C8 C9	<p>Avaliación dos casos propostos e realizados individual ou grupalmente.</p> <p>Nalgúns dos casos propostos (a especificar durante o curso en función do plan de traballo proposto) a avaliación poderá realizarse por pares.</p> <p>No estudo de casos valorarase a coherencia e adecuación das respostas ás preguntas formuladas, a presentación formal e a expresión escrita, a consulta de fontes bibliográficas...</p>	10
Traballos tutelados	B3 B4 B6 B8 C2 C4 C7 C8 C9	<p>Avaliación do informe escrito e exposición oral do traballo en grupo proposto.</p> <p>Esta avaliación realizarase tendo en conta criterios como o dominio de contidos específicos, a expresión escrita e a presentación formal, o manexo da información, a claridade da presentación e da presentación...</p>	30
Proba mixta	A1 A2 A8 B1 B2 B3 B5 B7 B9 C1 C2 C5	<p>Exame final sobre o contido da materia que terá lugar na data oficial establecida no calendario de exames da facultade.</p> <p>O exame pode combinar diferentes tipos de preguntas (preguntas de ensaio, preguntas de resposta curta, preguntas de opción múltiple...).</p>	50
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A8 A10 A11 A14 A16 A17 C4 C5 C8 C9	<p>Valorarase a asistencia e participación activas nas sesións maxistras e nas actividades realizadas nas sesións interactivas (exemplo, participación en debates ou discusións dirixidas na aula, resolución de actividades, resposta a preguntas formuladas...). Poderán tamén realizarse pequenos cuestionarios, sen necesidade de previo aviso, sobre os contidos vistos ao remate dalgunha das sesións expositivas ou interactivas.</p>	10

### Observacións avaliación



1. Segunda oportunidade: os criterios de avaliación aplicaranse tanto á primeira como á segunda oportunidade, incluídos os estudantes Erasmus e de intercambio.
2. Convocatoria anticipada: se hai estudantes que desexan realizar a convocatoria anticipada en decembro (Art. 19 "Normas para a avaliación, revisión e reclamación de cualificacións de grao e máster"), só terán que facer a proba mixta ( 60% da nota), traballo supervisado (30% da nota) e casos prácticos (10% da nota). O traballo tutelado debe realizarse de xeito individual. Os estudantes que se presenten a esta convocatoria deberán avisar ao profesorado da materia con suficiente antelación.
3. Cualificación de 'Non presentado': En todas as convocatorias (primeira e segunda oportunidade e convocatoria avanzada) clasificaranse como 'Non presentadas' as que non acudan ao exame final.
4. Estudantes con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e exención académica de exención de asistencia: os estudantes con ?recoñecemento de dedicación a tempo parcial e exención académica de exención de asistencia? terán as seguintes ponderacións: o 50% procederá do exame, o 30% procederá da realización de traballo en equipo supervisado (resultados acadados, pero sen contar a asistencia á aula), o 10% procederá da realización de casos prácticos e o 10% restante procederá das actividades requiridas nas clases (pero sen contar a asistencia ás sesións ). Neste caso, a asistencia ás clases non será un requisito, pero estes alumnos deberán entregar as actividades realizadas na aula e a súa nota será a mesma que a do resto de alumnos.
5. Outras observacións de avaliación:  
**NOTA MÍNIMA:** Os estudantes deberán obter unha nota mínima de 4 sobre 10 na proba mixta e nos traballos supervisados; doutro xeito, a nota final será "Suspenso" (sendo a nota media da materia a nota obtida no exame final), aínda que a nota media dea unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.  
 O control da asistencia dos alumnos ás sesións interactivas presenciais pódese levar a cabo aleatoriamente.  
 As cualificacións obtidas polos alumnos na avaliación continua como resultado do traballo supervisado realizado en equipo, a participación nas sesións e a realización de casos prácticos (ata o 50%) só serán válidas durante o curso académico en cuestión. .  
 Está prohibido o acceso ás salas de exames con calquera dispositivo de transmisión e/ou almacenamento de datos (teléfonos móbiles, reloxos intelixentes, etc.).  
 O comportamento fraudulento nalgunha das seccións obxecto de avaliación producirá a cualificación de "Suspenso (0)" na avaliación final.

## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<b>BIBLIOGRAFÍA BÁSICA:</b> Lynch, R. (2015). Strategic management. Pearson. Seventh edition. ISBN: 978-1-292-06468-0. Disponible en: <a href="http://17imc.ir/uploads/uploads/newfiles/Strategic%20Management%20by%20Richard%20Lynch%20(z-lib.org).pdf.pdf">http://17imc.ir/uploads/uploads/newfiles/Strategic%20Management%20by%20Richard%20Lynch%20(z-lib.org).pdf.pdf</a> Hitt, M.A., Ireland, R.D., Hoskisson, R.E. (2020). Strategic management: competitiveness & globalization: concepts & cases. Boston: Cengage. 13th edition. Jiménez Quintero, J.A. (2017). Dirección estratégica. Madrid: Pirámide. Barney, J.B., Hesterly, W.S. (2008). Strategic management and competitive advantage: concepts and cases. New Jersey: Pearson Prentice Hall. 2nd ed. Pearce, J.A., Robinson, R.B. (2008). Strategic management: formulation, implementation and control. Boston: McGraw-Hill. 11th. ed. David, F.R. (2007). Strategic management concepts. New Jersey: Prentice Hall. 11th edition. Bueno Campos, E.; Morcillo Ortega, P., Salmador Sánchez, M.P. (2006). Dirección estratégica. Nuevas perspectivas teóricas. Pirámide.
<b>Bibliografía complementaria</b>	<b>BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA:</b> Jiménez Quintero, J.A., Aldeanueva Fernández, I. (2018). Dirección estratégica internacional. Madrid: Pirámide. 2ª ed. Navas López, J.E., Guerras Martín, L.A. (2016). Fundamentos de dirección estratégica de la empresa. Pamplona: Thomson. 2ª ed. Sánchez, R., Heene, A. (2004). The New Strategy Management. Organization, Competition, and Competence. New York: John Wiley&Sons, Inc. Navas López, J.E., Guerras Martín, L.A., García Muiña, F. [et al.] (2015). La dirección estratégica de la empresa: teoría y aplicaciones. Madrid: Thomson Civitas. 5ª ed. Grant, R.M. (2006). Dirección estratégica. Conceptos, técnicas y aplicaciones. Thompson. 5ª Ed. Guerras Martín, L.A., Navas López, E. (2007). Dirección estratégica de la empresa. Teoría y aplicaciones. Thomson-Civitas, Madrid. 4º Ed. Mateo Dueñas, R., Sagarra Porta, Ramón (2004). Creación de empresas. Teoría y Práctica. Mc Graw Hill. Porter, M.E. (2009). Estrategia Competitiva. Editorial Pirámide, Madrid. Porter, M.E. (2010). Ventaja Competitiva: creación y sostenibilidad de un rendimiento superior. Editorial Pirámide, Madrid. Ventura, J. (2008). Análisis Estratégico de la Empresa. Paraninfo, Madrid.

## Recomendacións



## Materias que se recomenda ter cursado previamente

Fundamentos de Xestión da Empresa de Moda/710G03004  
Xestión da Cadea de Subministración de Moda I: Aproveitamento/710G03005  
Internacionalización da Empresa de Moda/710G03025  
Modelos e Técnicas de Simulación Empresarial: Xogo de Empresa/710G03026  
Xestión da Cadea de Subministración de Moda II: Xestión de Operacións/710G03017  
Xestión Sustentable da Cadea de Valor da Moda/710G03018  
Xestión da Cadea de Subministración de Moda III: Loxística e Transporte/710G03019  
Recursos Humanos e Habilidades de Xestión en Empresas de Moda/710G03020  
Planificación e Control de Xestión en Empresas de Moda/710G03022  
Xestión Contable e Financeira na Empresa de Moda/710G03015

## Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Xestión da Innovación Industrial en Moda/710G03029  
Negocio Dixital da Moda/710G03031  
Taller 1: Plan de Empresa de Moda/710G03032

## Materias que continúan o temario

Prácticas Externas/710G03037  
Traballo Fin de Grao/710G03038

## Observacións

Recoméndase a revisión e seguimento do curso da materia no campus virtual, onde se deixarán os materiais e se informará das actividades a realizar. Tamén se recomenda a lectura frecuente da prensa económica e a asistencia ás clases interactivas con ordenador portátil ou tableta electrónica.&nbsp;Os traballos da materia entregaranse a través da aula virtual, en soporte dixital; e se non é posible, recoméndase a impresión en papel reciclado, a dobre cara e evitando o uso de materiais plásticos.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías